

## CONVOCATORIA PARA O ESTABLECIMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019 EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE E DE PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE

O Consello de Goberno do 27/02/2019 aprobou a Oferta de Emprego Público (OEP) de PDI do ano 2019, a cal queda pendente da súa autorización pola Xunta de Galicia e polo tanto da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das ofertas de emprego público (aprobado en Consello de Goberno do 27/04/2017 e modificado no do 28/02/2018 e do 27/02/2019) establece os criterios que regulan como se configura a prelación de áreas para as convocatorias de prazas de Catedrático/a de Universidade e Titular de Universidade correspondentes a cada OEP.

A disposición adicional primeira do regulamento mencionado, habilita á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente para realizar unha convocatoria anual co fin de que o profesorado Titular de Universidade e Catedrático de Escola Universitaria, interesado en acceder ao corpo de Catedráticos/as de Universidade, solicite a creación dunha praza na súa área de coñecemento. De igual xeito procederáse co profesorado Contratado Doutor permanente, interesado en acceder ao corpo de Titulares de Universidade. En virtude desa habilitación resólvese realizar a presente convocatoria de acordo coas seguintes bases.

### Bases da convocatoria

#### 1. Normas xerais

O obxectivo desta convocatoria é establecer as áreas de coñecemento na que se realizará a convocatoria pública dos concursos de acceso aos corpos de Catedrático de Universidade e Titular de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2019 de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña.

Este procedemento rexeráse polo Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das Ofertas de Emprego Público (OEP) de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña (Aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 27/04/2017 e modificado no do 28/02/2018 e do 27/02/2019), a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os Estatutos da Universidade da Coruña e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Empregarase o correo electrónico institucional da UDC de cada persoa interesada para as comunicacións en relación co desenvolvemento deste procedemento.

#### 2. Requisitos das persoas candidatas

##### 2.1. Concursos de Catedrático/a de Universidade

Para ser admitido/a no presente procedemento, os/as aspirantes que pretendan optar a que se convoque na súa área de coñecemento unha das prazas de Catedrático de Universidade deberán reunir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

Código Seguro De Verificación	Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	08/03/2019 11:55:03
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==</a>		



- Ter a condición de Titular de Universidade ou Catedrático/a de Escola Universitaria con praza en posesión na Universidade da Coruña e ter prestado, como mínimo, dous anos de servizos efectivos baixo esa condición
- Estar en posesión da acreditación nacional para o acceso ao corpo de Catedrático/a de Universidade

## 2.2. Concursos de Titular de Universidade

Para ser admitido/a no presente procedemento, os/as aspirantes que pretendan optar a que se convoque na súa área de coñecemento unha das prazas de Titular de Universidade deberán reunir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Estar contratado/a pola Universidade da Coruña coa categoría de Contratado/a Doutor/a permanente
- Estar en posesión da acreditación nacional para o acceso ao corpo de Profesor/a Titular de Universidade

## 3. Solicitudes

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo que figura como anexo I desta convocatoria e dirixiranse ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente da Universidade da Coruña. Os/as interesados/as autorizan á Universidade da Coruña a publicar, só para os efectos desta convocatoria, os datos relativos a súa antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña e da data na que se acadou a acreditación nacional ao corpo de Catedrático/a de Universidade ou Titular de Universidade.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** contados dende o día seguinte a publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral, nos Rexistros Auxiliares (Campus de Elviña e de Ferrol) ou na Sede Electrónica da Universidade da Coruña, ou de acordo coas restantes formas previstas na Lei 39/2015. As solicitudes que se presenten a través das Oficinas de Correos deberán ir en sobre aberto para que o/a empregado/a de Correos poda estampar nelas o selo de datas antes da súa certificación. As solicitudes no estranxeiro poderanse cursar a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Coa instancia achegarase necesariamente unha copia simple do certificado de Acreditación Nacional ao corpo de Catedrático de Universidade ou Titular de Universidade expedido polo Consello de Universidades ou notificación da ANECA do resultado favorable da solicitude de acreditación e, no caso de optar por unha das prazas da reserva para investigadores/as con certificado I3, unha copia dese certificado.

As persoas incluídas no punto 2 (prazas de Catedrático/a de Universidade) e punto 3 (prazas de Titular de Universidade) da relación definitiva de admitidos/as da Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2018 do 05/04/2018 (Sede Electrónica do 06/04/2018), quedarán incluídas de oficio nesta convocatoria sen necesidade de presentar unha nova solicitude, agás que renuncie expresamente á súa participación. No anexo II desta convocatoria inclúese a relación ordenada alfabeticamente das persoas afectadas por este parágrafo (no caso de estar incluído/a neste anexo e opta por solicitar unha das prazas da reserva para investigadores/as con certificado I3, deberá presentar de novo a solicitude indicando esta circunstancia).

Código Seguro De Verificación	Rd5nlwePHRVceMygl8T70Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	08/03/2019 11:55:03
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVceMygl8T70Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVceMygl8T70Q==</a>		



#### 4. Admisión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente ditará unha resolución aprobando a prelación provisional de persoas admitidas e excluídas que solicitaron a convocatoria na súa área de coñecemento dunha praza de Catedrático/a de Universidade ou de Titular de Universidade. Esta relación publicarase na Sede Electrónica da UDC.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todas as persoas que presentaran unha solicitude, empregando o correo persoal institucional da UDC, a prelación provisional na que se incluírán os datos relativos á antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña e á data na que se acadou a acreditación nacional ao corpo de Catedrático de Universidade ou Titular de Universidade.

Contra dita resolución as persoas interesadas poderán presentar reclamación ante o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, no prazo de **3 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, comunicarase polos mesmos medios a prelación definitiva das persoas candidatas. Esta comunicación realizarase, en todo caso, tras recibir o visto e prace da Xunta de Galicia á OEP.

#### 5. Criterios para o establecemento da prelación

Coas solicitudes que cumpran os requisitos de participación a vicerreitoría realizará a prelación correspondente tendo en conta os seguintes criterios:

- A primeira orde establecerase tendo en conta a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades que é o mesmo que o da data de reunión da Comisión de Acreditación correspondente segundo a rama de coñecemento. Nas acreditacións emitidas trala entrada en vigor do Real Decreto 415/2015, terase en conta a data da resolución da Comisión de Acreditación. Terán prioridade as persoas candidatas que teñan unha acreditación máis antiga.
- No caso de empate na data de acreditación, terán prioridade as persoas candidatas que contén con maior antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña.

Para establecer a antigüidade na UDC sumaranse todos os períodos no que o/a docente tivese vinculación funcional, administrativa ou laboral coa UDC dentro das figuras docentes (tanto dos corpos docentes universitarios como das categorías de persoal docente laboral ou administrativo) establecidas nas leis que veñen regulando a Universidade española, e que así estean recoñecidas no seu expediente persoal que consta no Servizo de PDI. Inclúese a antigüidade como persoal docente recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG do 24/01/1990), do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) á Universidade da Coruña (DOG 24/12/2003) e a antigüidade recoñecida no seu expediente persoal nos programas de formación postdoutoral. Non se incluírán os períodos que poidan existir en calquera figura de persoal investigador en formación.

O resultado da antigüidade expresarase en anos, meses e días en relación a data de finalización de presentación de solicitudes. No caso de empate terá prioridade o primeiro en acceder a un dos corpos ou categorías.

Código Seguro De Verificación	Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	08/03/2019 11:55:03
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==</a>		



- O resultado da prelación das cinco primeiras prazas de Catedrático/a de Universidade dará lugar á convocatoria dunha praza por cada rama de coñecemento. Nas seguintes prazas non existirá ningunha restrición de rama. Estas ramas serán as correspondentes á Comisión de Acreditación que conste no Certificado de Acreditación Nacional. Nas prazas de Titular de Universidade non se terá en conta a rama de coñecemento.
- No caso de existir profesorado Contratado Doutor permanente que teña o certificado I3 poderá optar a unha das de Titular de Universidade que están reservadas nas OEPs dos anos 2017, 2018 e 2019 a este colectivo. No caso de que o número de candidatos/as para estas prazas sexa superior ás ofertadas, seguirase a orde establecida nos puntos anteriores. O/A candidato/a que non obteña unha destas prazas reservadas, incluírase na prelación ordinaria no lugar que lle corresponda.

## 6. Norma final

O resultado desta convocatoria comunicarase aos Departamentos afectados polas convocatorias das prazas, para que realicen os trámites correspondentes sobre a convocatoria de prazas dos corpos docentes universitarios.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informará ao Consello de Goberno do desenvolvemento desta convocatoria.

## 7. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión da execución da oferta de emprego público do ano 2019 do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal), teléfono 881011161.

A Delegada de Protección de Datos é dona Luz María Puente Aba. [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal)

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Código Seguro De Verificación	Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	08/03/2019 11:55:03
Observacións		Páxina	4/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==</a>		



## 8. Recursos

Contra a presente convocatoria, de conformidade co disposto nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá o/a interesado interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña

A Coruña, 08 de marzo de 2019

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

<b>Código Seguro De Verificación</b>	Rd5nlwePHRVceMygl8T70Q==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	08/03/2019 11:55:03
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	5/8
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVceMygl8T70Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVceMygl8T70Q==</a>		



## ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA O ESTABLECEMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019 EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE E TITULAR DE UNIVERSIDADE

### 1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

APELIDOS, NOME DO/A PROFESOR/A :	DNI:
CATEGORIA ACTUAL:	
DATA DA ACREDITACION NACIONAL:	
DEPARTAMENTO:	
AREA DE CONECEMENTO:	

### 2. SOLICITUDE

Solicito a convocatoria dunha praza de:

- Catedrático/a de Universidade  
 Titular de Universidade:  
 Conto con certificado I3

Segundo as disposicións contidas no Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das Ofertas de Emprego Público (OEP) de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña (Aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 27/04/2017 e modificado no do 28/02/2018 e do 27/02/2019).

Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Copia simple do certificado de Acreditación Nacional ao corpo de Catedrático de Universidade/Titular de Universidade expedido polo Consello de Universidades ou notificación da ANECA do resultado favorable da solicitude de acreditación.  
 Certificado I3, no caso de ser necesario  
 Autorizo á Universidade da Coruña a publicar, só para os efectos desta convocatoria, os datos relativos á miña antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña e da data na que se acadou a acreditación nacional ao corpo de Catedrático/a de Universidade ou Titular de Universidade

A Coruña/Ferrol, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2019  
 Sinatura

SR. VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DA  
 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Código Seguro De Verificación	Rd5nlwePHRVceMygl8T70Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	08/03/2019 11:55:03
Observacións		Páxina	6/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVceMygl8T70Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVceMygl8T70Q==</a>		



ANEXO II

A) Solicitudes da OEP 2018 para prazas de Catedrático de Universidade:

Nome	Área de coñecemento	Rama de coñecemento
A L, M	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	Enxeñaría e Arquitectura
Á L, N	Dereito Civil	Ciencias Sociais e Xurídicas
B P V, M Á	Fisioloxía Vexetal	Ciencias
C G, M B	Filoloxía Inglesa	Arte e Humanidades
C G, R	Dereito Civil	Ciencias Sociais e Xurídicas
C U, J	Botánica	Ciencias
C Z, A	Química Analítica	Ciencias
D J, A	Teoría do Sinal e Comunicaci3ns	Enxeñaría e Arquitectura
D V, J	Fisioloxía Vexetal	Ciencias
E C, C J	Teoría do Sinal e Comunicaci3ns	Enxeñaría e Arquitectura
F R, B B	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	Enxeñaría e Arquitectura
G P, M F	Ciencia da Computaci3n e Intelixencia Artificial	Enxeñaría e Arquitectura
L R, J	Fundamentos de Análise Econ3mica	Ciencias Sociais e Xurídicas
M A, R	Educaci3n Física e Deportiva	Ciencias sociais e Xurídicas
M C, J M	Métodos de Investigaci3n e Diagn3stico en Educaci3n	Ciencias Sociais e Xurídicas
M L, E	Lingüística Xeral	Arte e Humanidades
M S, M J	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	Enxeñaría e Arquitectura
N C, G	Enxeñaría Mecánica	Enxeñaría e Arquitectura
O C, L	Socioloxía	Ciencias Sociais e Xurídicas
P G, E	Enxeñaría Hidráulica	Enxeñaría e Arquitectura
Q E, M d R	Dereito Mercantil	Ciencias Sociais e Xurídicas
R C, M B	Economía Aplicada	Ciencias Sociais e Xurídicas
S P, M D	Filoloxía Románica	Arte e Humanidades
S R, J A	Filosofía do Dereito	Ciencias Sociais e Xurídicas
T F, L	Filoloxías Galega e Portuguesa	Arte e Humanidades
T G, M C	Literatura Española	Arte e Humanidades
V F, J A	Estatística e Investigaci3n Operativa	Ciencias

Código Seguro De Verificaci3n	Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificaci3n Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	08/03/2019 11:55:03
Observaci3ns		Páxina	7/8
Url De Verificaci3n	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==</a>		



B) Solicitudes da OEP 2018 para prazas de Titular de Universidade:

Nome	Área de coñecemento
A B, M J	Comunicación Audiovisual e Publicidade
A C, D	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores
Á D, M	Enxeñaría Telemática
B G, A	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estructuras
C B, N	Organización de Empresas
C P, C	Comercialización e Investigación de Mercados
C S, L M	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
D P, S M	Anatomía e Embrioloxía Humana
F C, E	Construcións Arquitectónicas
F F, A M	Matemática Aplicada
G N, A M	Comunicación Audiovisual e Publicidade
G V, S	Dereito Constitucional
H B, M F	Enxeñaría da Construción
J P, M A	Estatística e Investigación Operativa
L A, U	Enxeñaría Mecánica
L B, J J	Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
L G, S	Linguaxes e Sistemas Informáticos
L S, M A	Dereito Civil
L T, E	Historia e Institucións Económicas
M, C R	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
M O, M P	Enxeñaría Mecánica
M R, M B	Física Aplicada
N P, C	Filoloxía Inglesa
O H, M	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
O O, G A	Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais
P O, J L	Enxeñaría da Construción
Q L, J A	Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais
R Á, G	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores
R G, M	Comercialización e Investigación de Mercados
R L, M Á	Linguaxes e Sistemas Informáticos
R P, J M	Enxeñaría Mecánica
R S, E	Física Aplicada
S B, A	Didáctica e Organización Escolar
S M, M N	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
S P, C	Fisioloxía Vexetal
S S, J	Xeodinámica Externa
V N, J M	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
V R, M	Historia e Institucións Económicas

<b>Código Seguro De Verificación</b>	Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	08/03/2019 11:55:03
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/8
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/Rd5nlwePHRVCeMygl8T70Q==</a>		

